

04 . MEMORIA CONSTRUTIVA.

04.1 TRABALLOS PREVIOS. REPLANTEO. DEMOLICIÓNS. ROZA E LIMPEZA

04.1.2 DEMOLICIÓNS

Procederáse á demolición da beirarrúa existente na zona de actuación da rúa Diego Sarmiento que se ve reflexada nos planos. Asimesmo será preciso trasladar algunhas das farolas existentes.

Procederáse ao talado de unha serie de árbores que estorban para a realización de varias prazas de aparcamento, aínda que se trata de conservar o máximo posible a disposición dos árbores nalgúns casos é inevitable o seu talado.

Será asimesmo preciso a demolición da valla existente no límite do solar do CDL, e parte do muro de bloques de formigón nesa mesma zona.

A demolición será mecánica desmontándose os distintos elementos construtivos que a conforman, utilizando martelo rompedor e pala escavadora, e protexendo os elementos a conservar, e con todos elementos de seguridade.

04..2.1 LIMPEZA DO TERREO. REPLANTEO XERAL.

A roza e limpeza do terreo, sobre todo na zona de talude paralela á rúa Diego Sarmiento realizarase de forma simultánea ao replanteo xeral das obras que ao materializar o proxecto sobre o terreo permitirá o correcto inicio destas, e incluídas nas partidas de escavación. Dalgunha forma, a roza supón a ocupación física do territorio necesario para a execución.

Defínese como roza do terreo, ao traballo consistente en extraer e retirar, do ámbito, todas as árbores, madeiros, plantas, maleza, broza, entullos, lixo, ou calquera outro material non desexable. A profundidade media da roza será de 15 cm.

A súa execución inclúe as operacións seguintes:

- Escavación dos materiais obxecto de aclarado e roza.
- Retirada dos materiais obxecto de aclarado e roza.

Todo iso realizado de acordo coas presentes consideracións e cos datos que, sobre o particular, inclúan os correspondentes documentos do Proxecto nos cales se achen incluídas.

As operacións de escavación de terras vexetais, arboredo e do resto de elementos a eliminar, efectúanse coas precaucións necesarias, para conseguir unhas condicións de seguridade suficientes, e evitar calquera dano ás estruturas existentes, de acordo co que, sobre este tema, ordene o encargado facultativo das obras, o cal designará e marcará os elementos que deban conservarse intactos.

Ningún linde marca de propiedade ou punto de referencia de datos topográficos, de calquera clase deberá estragarse ou desprazarse, ata que un axente autorizado referencie, dalgunha outra forma, a súa situación ou aprobara o seu desprazamento. Tampouco se cortará ningunha árbore sen definir e marcar claramente os que deben conservarse.

Nos rebaixes, todos os madeiros e raíces superiores a dez centímetros (10 cm) de diámetro, serán eliminados ata unha profundidade non inferior a un metro (1 m), por debaixo da explanada; tamén se eliminarán as terras vexetais de forma que non queden substancias orgánicas vexetais a menos de 1 m da cota da explanada definitiva. Inclúo acopio en parte para a súa reutilización según indicacións da Dirección Facultativa.

Do terreo natural sobre o que debe asentarse o pedraplén, elimináanse todos os madeiros ou raíces con diámetro superior a dez centímetros (10 cm), co fin de que non quede ningún dentro da base do pedraplén, nin a menos de trinta centímetros (30 cm) de profundidade sobre a superficie natural do terreo.

Replanteo xeral das obras:

Simultaneamente á roza realizarase o replanteo xeral das obras, procedendo a colocar cada vinte metros de vial estacas e referencias de eixe e de bordo de noiro ou caixeiros segundo perfís transversais.

As referencias mencionadas con indicación de cota vermella permitirán o correcto inicio do movemento de terras, despois de comprobar sobre o terreo a perfecta viabilidade das obras e de modificar calquera problema non detectado.

04.2.2. MOVEMENTO DE TERRAS

04.1 RETIRADA DE TERRA VEXETAL

Retírase a terra vexetal nas zonas destinadas a zonas edificadas, para a súa posterior utilización na execución da xardinaría se é o caso, para iso a depositará no interior do ámbito segundo as indicacións da Dirección Facultativa.



04.2 DESMONTE E REALIZACIÓN DA EXPLANADA

Nas zonas a edificar realizarase o desmonte ata a subrasante adecuada para proceder á realización dunha explanada mellorada de tipo pedraplén para mellora de firme de cimentación do muro, e firme de zahorra nas zonas de pavimentos, según se detalla no orzamento.

Para coñecer a calidade dos chans a empregar realizaranse os seguintes ensaios:

- 1 ensaio Próctor modificado cada 1500 m³ de terraplén ou cando se observe cambio de material.
- 1 ensaio granulométrico e 1 ensaio de obtención dos límites de Atterberg cada 2000 m³ de terraplén ou cando se observe cambio de material.
- 1 ensaio de contido de materia orgánica e 1 ensaio de determinación do índice CBR cada 5000 m³ de terraplén ou cando se observe cambio de material.

Extensión do terreo para a formación da explanada mellorada:

Unha vez preparada a superficie de apoio do recheo procédese a estender o material de recheo en tongadas sucesivas, de espesor uniforme e sensiblemente paralelas á explanada. O espesor da tongada debe ser o apropiado para que, coa maquinaria e equipos de compactación dispoñibles, se obteña o grao de compactación esixido en todo o seu espesor.

Este espesor serán de 25-30 cm. por tongada. Non se debe estender ningunha tongada sen comprobar previamente que a tongada subxacente cumpre as condicións esixidas: que teña o grao de compactación previsto e que non estea encharcada, saturada de humidade ou amolecida.

Daráselle á superficie da tongada unha pequena pendente transversal para evacuar, sen perigo de erosión as augas de chuvia caídas durante a execución dos traballos. Esta pendente será do 4%.

Os equipos de transporte, movemento e extensión das terras actúan sobre o ancho de cada capa.

Os traballos deben interromperse sempre que as temperaturas son inferiores a 2° C para evitar o risco de conxelación do terreo e tamén cando se produzan chuvias de intensidade moderada a xuízo da Dirección Facultativa.

O control de extensión das tongadas baséase fundamentalmente na "inspección visual", controlándose o espesor e a anchura da tongada, a temperatura ambiental, a presenza de chuvia e o estado da capa anterior.



Humectación ou desecamento:

Unha vez estendida a tongada débese proceder, se é necesario, a súa humectación até conseguir que o terreo teña o contido óptimo de humidade, ou o máis próximo posible a aquel. Este dato obterase previamente no laboratorio mediante os ensaios Proctor realizados sobre o terreo de recheo e que serán contrastados en obra, xa que o valor real estará determinado polo terreo, o equipo e o sistema de compactación elixido.

Conseguir a humectación homoxénea na tongada necesaria para conseguir o mesmo grao de compactación, é máis difícil canto maior é o seu espesor e canto menor é a permeabilidade do terreo de recheo. Esta é unha das razóns polas que o espesor da tongada nunca superará os 30cm.

A humectación realizarase con vehículo cisterna.

Se a humidade natural do terreo de recheo é excesiva, superior á óptima prevista, será necesario proceder ao seu desecamento xa que dificilmente se alcanzará a densidade especificada no proxecto aínda que se aumente a enerxía de compactación.

Compactación:

Unha vez conseguida a humectación óptima, procédese á compactación da tongada por procedementos mecánicos, mediante varias pasadas da maquinaria de compactación.

Realizarase a seguinte cadencia de ensaios para producións duns 700 m3 de terraplén día:

-5 ensaios de densidade "in situ" e 5 ensaios de humidade "in situ" cada 2000 m2 de tongada ou fracción diaria.

Nas zonas verdes procederase (onde sexa necesario) ao terraplenado con terras propias procedentes do desmonte, estendido e compactado segundo os criterios expostos anteriormente ata conseguir a cota de rematado da explanada.

04.2.3 ESCAVACIÓN E RECHEO DE GABIAS PARA INSTALACIÓNS

A apertura de gabias realízase en fase posterior ao movemento de terras necesario para construír a explanada e en fase anterior á execución da capa de sub base ou base e á de colocación de bordos e servizos.



A anchura mínima de apertura da gabia debe ser de 70 cm e debe cumprirse na apertura das gabias unha das dúas condicións seguintes:

- Que non transcorran máis de oito días entre a escavación da gabia e a colocación da canalización.

Realizarase un control xeométrico das gabias cada 200 ml mediante:

- 5 medicións de anchura a cota de explanada.
- 5 medicións de profundidade.
- 5 medicións de pendente da gabia.

Recheo das gabias:

Unha vez colocados os tubos vaise enchendo a gabia tendo a precaución de non colocar máis de 100 m de canalización sen proceder ao recheo.

O recheo realizarase e compactarán por tongadas sucesivas do seguinte xeito:

- A primeira tongada ata 30 cm por enriba da xeratriz superior do tubo, empregando grava de diámetro menor de 2 cm e cun grao de compactación maior do 95% do Próctor normal.
- O resto das tongadas con elementos de dimensións menores de 20 cm e cun grao de compactación do 100% do Próctor normal utilizarase o material da explanada mellorada.

As gabias non se deben encher en tempo de grandes xeadas ou con material xeadado.

Control da execución:

Comprobarase a extensión e espesor das tongadas e a súa humidade.

Realizaranse os seguintes ensaios:

- 1 Próctor Modificado, cada 400 m³ de gabia compactada ou cambio de material.
- 1 granulométrico, límites de Attenberg, índice CBR e materia orgánica, cada 1500 m³ de gabia compactada ou cambio de material.

Para a compactación das gabias:

- 5 densidades «in situ» e 5 humedades "in situ", cada 200m³ de gabia compactada ou cambio de material

Proceso de supervisión certificado
segundo a Norma Internacional de Certificación
UNE EN ISO 9001
Número de Certificación: 010405012010
TAFEE

Digital signed by:
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
Data: 04.09.2013 11:35:10
Location: Santiago de Compostela

CVE: ADCCAE6886FE
Para comprobar en la zona de verificación de la web del COAG www.coag.es/ve
Fecha: 04.09.2013



1306849
04.09.2013
11:35:10

visado
confirmado en certificado anexo

04.2.4. IMPLANTACIÓN DE SERVICIOS

No proceso de construción da obra de urbanización, a implantación das redes de servizos por debaixo das áreas peonís e en fase previa á execución definitiva do área.

Refírese isto á actividade de instalar as redes de rede de sumidoiros, así como do resto de arquetas, cámaras e outros elementos singulares necesarios para o seu correcto funcionamento.

As devanditas redes de servizo están desenvolvidas na memoria de instalacións deste proxecto.

Comprobación xeométrica das gabias:

Comprobarase a anchura e profundidade das gabias de servizos polo menos cada vinte metros de desenvolvemento, prestando especial atención á nivelación do fondo da gabia.

Comprobación da disposición en planta e alzado de cada servizo:

Durante as fases de escavación de gabias e de colocación de canalizacións teranse en conta os esquemas de coordinación de servizos de cada vial e a posición das arquetas e elementos singulares de acordo cos criterios expostos na memoria de instalacións. Realizarase polo menos cada vinte metros e nas zonas de instalación de elementos singulares, a medición da distancia á liña de encintado e a medición da profundidade do servizo respecto a cota do bordo de acordo co esquema correspondente de implantación e coordinación de servizos.

Digital signed by:
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
Date: 04/09/2013 11:35:10
Location: Santiago de Compostela

CVE: ADCCAE6886FE
La zona de verificación de la web del COAG www.coag.es/ve
Fecha: 04/09/2013



1306849;1
04/09/2013
11:35:10

visado
confirmado en certificado digital